

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de decembro de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e quince minutos do día trinta de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1514).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1515).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA EN DESTINOS XEOGRÁFICOS. EXPTE. 4993-104.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 30-12-2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento negociado sen publicidade dunha

campaña de promoción turística en destinos xeográficos. (expediente 4993-104) ”
no seguinte orde decrecente:

1.- Ecovigo Publicidad S.L.	97 puntos
2.- J&J Publicidad y Comunicación, S.L.	76,55 puntos
3.- Anonimo Publicidade, S.L.	64,44 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Ecovigo Publicidad S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva por importe de 7.342,80 euros.

Non é preciso requirirille que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida declaración da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo T, subgrupo 1, categoría D e dito certificado de inscrición foi incorporado ao expediente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.